Retallos da Memoria II
Asociación Memoria Histórica Democrática.

Coordinador: Enrique Barrera Beitia.

1ª Edición: Maio do 2009.
Edita: Asociación Memoria Histórica Democrática.

Material Fotográfico: Memoria Histórica Democrática.

Quedan todos os dereitos reservados desta edición para:
Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática
R/ Magdalena, 202-204 (Ateneo Ferrolán)
15401 Ferrol

Depósito Legal:
ISBN: 978-84-613-2603-7

www.memoriahistoricademocratica.org

A FAMILIA LÓPEZ ARDAO:

POR MARUJA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Jesús López Ardao (dereita) e o seu irmán Baltasar.

INTRODUCCIÓN.

Na casa da familia López Ardao, en Regüela, naceron Baltasar e Jesús no medio de once irmáns. Quedaron orfos de nai desde ben novos, e o pai estaba enfermo, así que os rapaces estaban afeitos ao traballo duro. Eran dous rapaces con grande interese por aprender e moi afeccionados á lectura.

De Baltasar non sabemos se pertencía a un partido político, o que si se sabe é que simpatizaba cun sindicato agrario. Jesús daquela era moi novo, aínda non fixera o servizo, e parece ser que non lle interesaba demasiado a política.

www.memoriahistoricademocratica.org

Cando ocorreu o alzamento, Baltasar dixo na casa que a súa vida corría perigo e que ía se agachar no monte xunto con outros moitos mozos da comarca. Que non rabearan por el, que estaba solteiro e sen fillos, e non facía perda. E que non se preocuparan por el se o collían, porque había de procurar que non o colleran vivo. Tamén dispuxo que queimaran inmediatamente todos os libros que non foran de relixión, para evitar problemas coa Garda Civil.

Así, cunha lumeirada de libros, comezou para a familia a época da guerra. E así son as lembranzas de Maruja Rodríguez López, sobriña de Baltasar e Jesús.

O RELATO DE MARUJA.

Baltasar.

Tiña nove anos cando empezou a guerra e o meu irmán José sete. Lémbrome que nesta casa, cando empezou a guerra fíxose unha queima de libros e fotos.

E ese mesmo ano foi cando mataron o meu tío Baltasar, o día 5 de setembro de 1936. Lémbrome sempre daquel día tan sinalado nesta casa. Antes de ir eu a escola chegou Antón da Horta e dixo que non sabía que pasara aquela noite, que había dúas sepulturas feitas de novo. Entón eu marchei para a escola e mamá xa saíu, sen esperar máis, a buscar o meu tío, porque ela sabía onde paraban de noite. Pero non había ninguén no acubillo, así que foi até o lugar de Xicos, onde tiña unha irmá, para ver se sabía algo, e ela díxolle que non buscara máis, que Baltasar xa estaba no cemiterio. Entón mamá, caeu desmaiada e tivérona que traer a casa. Despois diso estivo coma trastornada un tempo.

De camiño á escola, sen saber eu nada disto, tiña que pasar pola beira do cemiterio e vin unha poza de sangue na mu-

www.memoriahistoricademocratica.org

Baltasar López Ardao xunto á súa irmá Josefa.

ralla. Case morro co medo. Á volta, como tiña tanto medo, Leocadia da Lousada ofreceuse a vir comigo. Ao pasar o cemiterio vimos o sangue e mais as sepulturas novas.

Cando cheguei a casa, aínda sen saber que fora do meu tío, atopei a casa chea de falanxistas e milicianos facendo preguntas sobre o "escopeteiro" Baltasar López Ardao, que non tiña nin un trabuco. Na casa os falanxistas berraban e a miña familia choraba. Ninguén fixera de comer e como non sabían que facer comigo, mandáronme de volta a escola pola tarde. Aínda tardei dous días en saber que mataran o tío Baltasar. Díxomo o meu avó.

Tamén fun sabendo como pasara todo. Os escapados foron a abrigarse aos Xicos, a casa da tía Francisca de Vilar. Alí pillounos a Garda Civil. O tío Baltasar tentou fuxir e matáronno dun tiro. Para enterralo foron a xunto da tía Francisca de Vilar, que xa tiña dous ou tres fillos escapados, mandáronlle que collera a tres homes para enterrar ao meu tío antes de que fora de día, para que non se enteirara ninguén. Un dos enterradores era irmán dela, e tamén tiña dous fillos escapados, aos que levaron presos xunto con outros veciños. Os rapaces Arturo e Juan Pereira eran primos de Baltasar. Ou sexa, que o pai estaba enterrando o meu tío, e ao tempo, os falanxistas e os gardas civís matáronlle os fillos en Sillobre, deixándolle un neto pequeno orfo de pai e nai.

www.memoriahistoricademocratica.org

Eu coñecín a dous falanxistas que axudaron a amarralos e a outro máis que axudou a metelos no camión para levalos a matar a Sillobre, e eles sei que ían coma para a festa, contentos. Pero un preso, aínda que ían ben amarrados, deulle unha patada en mal sitio e sei que despois daquilo xa non durou moito tempo.

Houbo un preso que trouxera unha navalla e uns cantos puideron escapar, e Arturo foi un deles, pero tropezou e volvérono prender.

Xa en Sillobre, Arturo sei que lles pediu que non lle mataran o irmán, que xa non tiña máis de dezaoito anos, para que lle coidara o fillo. Pero non houbo piedade. Matárono no cemiterio e antes fixéronlles o que non ten nome.

Hai agora 72 anos que chamaron o meu tío Jesús López Ardao para ir á guerra. Aínda por riba destinárono á fronte de Asturias. Entón el decidiu escapar tamén por dúas razóns. Non quería loitar polos que mataran o seu irmán, e porque se dicía que o que ía á fronte de Asturias xa non volvía vivo. Desde ese momento eu non souben máis del. Aos cativos e mais a un tío avó que tiñamos, algo inocente, acordaron non dicirnos nada, non fora que falaramos se a Garda Civil nos daba leña.

Jesús López Ardao.

Entón viñan e nós non sabiamos nada, pero desafiábannos e eu xa teño tremido co medo. Daquela eu sabía que facían comida

www.memoriahistoricademocratica.org

para levarlles de comer aos escapados, pero todo en segredo e eu estaba convencida de que o meu tío morrera na guerra, porque a min dixéranme que morrera na fronte de Asturias.

Pasou o tempo, e un día, eu viña coas vacas para a casa e saíume el por riba dunha silveira e díxome:

"Ai nena, por onde é o camiño das Neves?.

Eu mirei para el e escapei a correr e deixei as vacas e todo porque eu cría que estaba morto. Cheguei chorando a casa e díxenllo ao avó e el díxome:

Vai xunto do teu tío que ten moitas ganas de falar contigo. A seguinte entrevista foi un día que a miña tía Carmen mandoume ir por un cesto de patacas e eu tiña medo porque miraba por unha porta cristaleira e vía uns pés con calcetíns de la de ovella por baixo da cristaleira.

Eu estaba enchendo o cesto e chegou o meu tío e eu veña a chorar outra vez. Despois sentín vergoña por escaparlle. De aí en diante seguino vendo coma outra persoa da casa. Porén, a un tío que tiña el na casa, que non era normal, escondíaselle de verdade, non fose que falara se os gardas civís o ameazaban.

Un día deuse a casualidade de que veu a Garda Civil facer un rexistro a casa Serían as tres da tarde e o tío Manuel Pereira García, o que era moi inocente, veunos vir, e saíu cando eles entraban e dixéronlle:

¿A dónde va usted?.

E el díxolles:

Con permiso de vostedes vou arrear as calzas.

E deixárono ir porque daquela non había aseo na casa e había que ir á horta.

Pero el, co medo, escondeuse por non vir para a casa e

www.memoriahistoricademocratica.org

aos gardas civís metéuselles na cabeza que ía levar noticias ao monte e obrigáronnos a ilo buscar.

El tíñalles moito medo, porque cando mataron ao meu tío Baltasar sentiu os tiros e cando se decatou non calaba:

- Os piratas matáronme tres sobriños.- dicía, porque Arturo e Juan tamén eran sobriños, e engadía:

-Matáronme tres sobriños. Eu se soubera daquela que estaban aló, habíaos de avisar que escapasen.

Daquela, a Garda Civil viña rexistrar a casa a calquera hora. Tanto viñan ás catro da mañá coma ás tres. Logo, sempre sobre a mañá, empezaban a timbrar cos mosquetóns. Sería para meter medo.

Ao meu pai viñeron unha noite buscalo ás dúas da mañá e aproveitaron moito o tempo, que lle estiveron petando até as seis da mañá. Grazas que o meu pai era forte, pero con forza e todo, botou dous días na cama moi malo e viñérono ver os gardas moitas veces dicíndolle que xa logo valía para outra. Co medo que el tiña facía tremer a cama con el. Viñan a calquera hora. Un día, un señor veu ver o meu pai e chegaron os gardas e metéronlle unha multa por vilo visitar; e outro día chamaron á porta moi cedo e mamá foi abrir e saíu un canciño pequeno que tiñamos e os gardas metéronlle un tiro ao can e unha multa de vinte pesos a mamá.

Fixeron cousas que non se esquecen, e moitas cousas que eu non sei, porque eramos de sete a nove anos e non nos contaban nada. Ademais, tiñan medo de que nos desen unha malleira para que falásemos.

Un día que era festa nas Neves, os gardas colleron o meu tío Jesús e amarrárono ben amarrado. No camiño había un señor de Cabana bebendo sidra e os gardas, coma tiñan o meu tío ben atado, puxéronse tamén a beber sidra e cando se

www.memoriahistoricademocratica.org

deron conta, el xa lles escapara, iso que ía coas mans tan apertadas que á noite non puido comer pola súa propia man.

Noutra ocasión viñeron os gardas ás dúas da mañá e xa sentimos petar á porta dos veciños preguntando cal era a casa de López Ardao. Mamá xa se levantou e avisou a todos os da casa que vestísemos ben roupa por se pegaban que doera menos. Tentaron levarnos a todos, vellos e novos. Na casa estaban tamén o meu avó José López López, enfermo e encamado e outra tía solteira máis nova, Carmen López Ardao. Por fin, mamá, tanto lles insistiu que os vellos estaban enfermos e que papá estaba moi mal e ensinoulles as radiografías que tiña feitas daquel tempo e deixáronnos quedar, menos a mamá e á tía Carmen, que as levaron, e tamén a máis veciños, para o cárcere de Neda/Xuvia. E alí estiveron até que unha amizade os quitou. Daquela, o meu avó tiña oito fillos e catro estaban presos e un escapado, ou sexa que tiña tres libres.

Jesús López Ardao xunto á súa muller e a súa sobriña Maruja. Santo. Domingo, 1995.

Ano tras ano tivemos que aguantar moitos rexistros e toda clase de insultos e humillacións, así até o ano 1947. Tamén sufría as mesmas represións outro tío que estaba casado en Barallobre chamado Rafael López Ardao, do cal aparece unha causa de detención por "colaboración con bandoleros".

O meu tío Jesús, o día 29 de xuño de 1947, día de San Pedro, foi até Lugo acompañado da tía Carmen e dunha amiga. El levaba a documentación que lle prestara Antonio Carba-

www.memoriahistoricademocratica.org

llo. Xa en Lugo, el foi para un hotel e elas volveron sen saber a sorte que corría. Pola mañá colleu o tren até Pamplona e alí pasou as festas de San Fermín. Botou alí unha semana e despois foi atopando a maneira de pasar a Francia, pero con moitas dificultades, grazas á documentación que lle prestaran, é que naqueles tempos os salvoconductos non levaban fotos.

Unha vez en Francia mandounos un certificado asinado polo consulado confirmando que estaba nese país e esta foi, finalmente, a maneira de que a Garda Civil nos deixara tranquilos. O tío Jesús estivo nun campo de concentración un tempo até que o veu reclamar Manuel do Menor. Logo traballou un ano na compañía telefónica de Francia, pero en canto tivo algúns cartos marchou para América e viviu na República Dominicana até o seu falecemento, a finais do 2007.

Maruja Rodríguez López

P.D.

Represaliados da Familia López Ardao

Como xa quedou claro, a represión comenza a partir do día do Alzamento, coa fuxida o monte de Baltasar López Ardao, e sendo perseguido, tiroteado e asesinado o día cinco de Setembro do mesmo ano 1936.

De seguida, foi chamado para incorporarse ás filas do Réxime, para ir a guerra, o seu irmán Jesús López Ardao. Por suposto que tivo que fuxir para o monte, por non estar disposto a loitar cos que mataran a seu irmán. Foi perseguido ata o ano 47 que consigue pasar a fronteira cara Francia.

www.memoriahistoricademocratica.org

Todo este tempo a familia sufría toda clase de represalias: Rexistros na casa (de día e de noite), detencións, paseos ao cuartel da garda civil, palizas para que falaran, e outras máis.

Na casa estaba o meu avó José López López, que estaba enfermo e encamado, e o tío Manuel Pereira García, (que era algo inocente), además os meus pais Antonia López Ardao, casada con Tomas Rodríguez Paz, e outra tía solteira máis nova, Carmen López Ardao. Todos eles sufriron e pasaron por todas estas represalias.

Tamén estabamos na casa os fillos de Antonia e Tomas (Maruja Rodríguez López, "quen escribe estas lembranzas", mais José Rodríguez López), que eramos uns nenos de nove e sete anos.

Por outra banda, sufria as mesmas represións outro tío que estaba casado en Barallobre chamado Rafael López Ardao, do cal aparece unha causa de detención por "colaboración con bandoleros".

www.memoriahistoricademocratica.org



4--5-47

Cualquier sitio.

Queridos hermanos: Con el alma entristecida y el corazon profundamente apenado os confiero que para mi la perdida de mi estimado padre puede ser transcendental y decisiva, puesto que para mi representaba un apoyo moral y material, pues asi él como autor de mi existencia tenia responsabilidades para con migo. por lo tanto a él me atreviria si me hubiera necesitado a pedirle cualquier cosa sin recelo y sin quedarme en mi conciencia ese sentimiento que llamamos "obligacion". Ademas que como los hijos son lazo de union de los

Carta que Jesús López Ardao envía aos seus irmáns tras coñecer a morte do seu pai. Desde "Cualquier sitio" -posiblemente preto da frointeira entre España e Francia- , 1947.

www.memoriahistoricademocratica.org



padres. también los padres eran
lazo de unión de los hijos y por
lo mismo mantos él existia
representaba un simbolo de uni-
dad entre la familia; yo le que-
ria por que en estos ultimos ti-
empos comprendi que el también
me queria. por que yo quiero a
quien me quiere y amo a quien
me ama.

Estimados hermanos, la pe-
dida es tremenda é irreparable
pero no nos queda mas remedio
que conformarnos puesto que la
muerte en su caso de muerte
natural y bien cuidado y no
como han muerto muchos mile
de honrados ciudadanos, y entre

www.memoriahistoricademocratica.org



ellos nuestro hermano martir y
mi amigo Peltas.

El principal objeto de esta es para
decirvos que aunque no estoy ahi
con vosotros personalmente
estoy espiritual y moralmente
~~yo~~ compartiendo el dolor que
nos produce a todos "supongo"
la perdida del autor de nuestros
dias y el autor de nuestra per-
sonalidad caracteristica. porque
aunque tenia algun defecto
era insignificante con respecto
a sus grandes virtudes que
nos deben servir de ejemplo a
todos.

www.memoriahistoricademocratica.org



Sin tener tiempo a escri-
bir más, solo os digo que pro-
curemos cumplir su voluntad y
ser dignos de su descendencia
respetándonos unos a los otros
y a nuestras esposas e hijos!
como el lo hizo.
Recibe. El nido se ha des-

Jesús López

www.memoriahistoricademocratica.org

15-7-1984.

Santo Domingo.

Querida hermana Carmen:
Te mando un relato con los mas importantes detalles de la huida a Francia, que muchos han intentado y que han muerto en el intento han sido apresados, y ahorcados o se han podrido en las prisiones franquistas por años y años, es la primera vez que le escribo desde que nos vemos y lo hice para mandarte personalmente el relato de esa gran aventura; de salud estoy bastante bien para la edad que tengo, aunque siempre como tu sabes en la vejez siempre uno tiene algún achaque.

Si me contesta, me gustaría saber la vida de Pepita de Villabrecomo también me también la dirección de la hermana Josefa de la Caruña como también la de Angelita la hermana de Manolo do menor, pero sin que ella se de cuenta.

Sin mas por este recibe un fuerte abrazo de tu hermano que te desea mucha salud y larga vida.

López Ardao

Carta de Jesús López dirixida á súa irmá Carmen. Santo Domingo, 1984.

www.memoriahistoricademocratica.org

Santo Domingo, Rep. Dominicana
14 de julio de 1987.

Señora
Carmen López .

Mi querida hermana:

Me dirijo a tí, porque se cumple en este mes 40 años. y que despues de caminar diez años por el monte, pasando toda clase de calamidades y sutos, tu me acompañaste de Ferrol a Lugo, en aquella aventura tan temeraria y peligrosa, consistente a pasar a Francia, que yo tenía hacía tiempo en la mente. Hasta le propuse a un cura, que me acompañara a la frontera francesa y se me negó. Pero un amigo me dijo que tenía preparado un elance en Pamplona para - pasarme a Francia, por lo cual estoy enteramente agradecido, el plan a pesar fracasó. Como tu sabe, el día 29 de junio de 1947, - alquile un auto en la porta nova de Ferrol, acompañandome tú y otra muchacha, para lanzarme aquella aventura tan temeraria y díficil, como ha sido, pero hay un refran que dice "de perdido al río", y la aventura me salió bien.

Por la fuerza de voluntad, la astucia y el dinero, fueron lo que precisamente, pudo lograr que se materializara tan atrevida aventura.

La noche que pase en Lugo, no pude dormir nada, a pesar que me había tomado un calmente, al día siguiente tome el tren que salía a las once de la mañana, que iba dicha ciudad a Madrid, antes me vestí lo mas elegante que pude, y me acomodé en un bagón de primera clase, en donde iba la gente rica, dicho tren iba abarrotado de gentes. Mucho de ellos, iba a presenciar un campeonato de futbol. Recibí un pequeño susto cuando un policía vestido de civil, se asomó en la puerta del departamento "Papeles", y todo el mundo empezó a sacar los documentos, pero seguidamente dijo "guarden, - guarden", eso era cuando estabamos pasando por la zona Ponferrada, zona que estaba afectada de fugitivos, llegamos a Leon, después de media noche, dejamos este tren y cogimos otro que iba rumbo al este, y después de caminar ma 24 horas, sin parar, llegó el tren a Pamplona a la una de l tarde, cansado y sudado, busque un hotel y me acoste temprano. Antes de salir de Ferror, me había dicho el amigo mencionado, que el día primero de junio a medio día, a la llegada del tren procedente de Zaragoza, me esperaría una persona, que tendría un peródico enrollado en la mano, y que yo debía tener otro - para podernos conocernos, y efectivamente, a esa hora se me acercó una mujer de mediana edad y de aspeto humilde, y me dice si yo tenía la intención de pasarme a Francia, contestándole, si yo tengo esa intención de ir a Francia, y ella que andaba con otra, me expresó que la acompañara hasta el hotel, porque ellas tambien estaban esperando pasarse a Francia para reunirse con sus maridos.

Así se fueron pasando los días, hasta que llegó el día 7 de julio, que se inició la fiesta de San Fermín de Pamplona, conocida casi mundialmente por lo que llaman "encierro", que consiste en llevar los toros suletos, por las calles, cerrando las calles laterales con tablones hasta la plaza del Toro, pero lo raro del caso

Carta incompleta onde Jesús López relata
a súa fuxida a Francia. Santo Domingo, 1987.

www.memoriahistoricademocratica.org

No.-2

es que delante de los toros, corren un grupo de jóvenes sin miedo que a veces son heridos hasta muerto por los cuernos de los furiosos animales, aquellos días algunas gentes decían que habían llegado al hotel de Madrid un grupo de policía secreto, yo por precausión no dormí en el hotel, y como la gente bailaba hasta el amanecer, y estaban los parrques lleno de borrachos, que dormía en los bancos, yo tambien me acoste entre ellos.

De nuevo, me dirigí al hotel, pero como me sentía un poco cansado y hacía calor, decidí irme acostar a un bosque al lado de un río, que bordea a Pamplona, en donde habían algunos niños y adultos cogiendo fresco, pero yo me quede dormido; cuando siento que me sacuden los pies, y al despertar veo quien me habla es un hombre uniformado, y me dice porque se acostó ahí, y le conteste que habiendo bailado estaba cansado y vine a tomar un poco de fresco y me quede dormido, y seguidamente me pidió los papeles que eran prestado y como no tenían fotos ni señas digitales, solo tenía el sello Municipal, y después de mirarme de arriba abajo, me preguntó que andaba buscando por Pamplona. Como hacía mucho tiempo, yo tenía la mano atacada por una ezema, y le dije que los médicos me recomendaron a tomar un tratamiento con las aguas minerales de la fuente de Belascoain, y entonces porque no había ido directamente a recibir el tratamiento, y le conteste que me había encontrado con un gran fiestón, decidí aprovecharla unos días. Ese momento había una pareja de novio acostado en la hierba chupándose y para desviar la atención le dije: mire que escándalo, esas gentes no tienen vergüenza, eso es una inmoralidad de besarse en esa forma delante de tanto niños, al decirle esto me devolvió los papeles y se fué, como era verdad que tenía las manos con ezema, y previniendo lo que me podía pasar, por eso había consultado antes del viaje una Geografía que tenía mapas de España, que daba datos de diferentes de muchas cosas y uno de ellos tenía aquel sitio donde existían los manantiales medicinales de toda España,y ví que había uno al sur de Pamplona que se llama Belascoian.

Un día por la tarde llegó al hotel un contrabandista de gentes y de otras cosas tambien, y nos dijo que calzaranos de zapatillas y a prima noche vendría a buscarnos, llegó a eso de las 9 de la noche en automóvil habiendose agregado al grupo otra vieja que iba para Francia, a mi me pidió la mistad del dinero del pasaje que no me recuerdo cuanta pesetas eran, era una noche obscura, y después de caminar mas o menos media hora, se apea y me dice que me demonte del auto, que primero iba a psar a las mujeres y que enseguida volvería a buscarme y que me apartara un poco de la carretera, y se fué con las mujeres. Mi mente empeso a cabilar si no venía a buscarme, a veces sentía el toque de corneta del puesto del ejercito. Tambien se sentía los cacables y campanilas de los animales que apastaban en lo que parecía una llanura, pasó mas de una hora, y al fín llegó dicho señor a recogerme, diciéndome que ese día no podía pasarme porque se le presentó ciertos inconvenientes. Me llego de nuevo al hotel, pero se me olvidó pedirle la maleta en donde tenía mis efectos personales, como pasaban los días y el hombre no venía a buscarme para pasarme a Francia, pregunte en el hotel en donde ese hombre vivía, y la dueña del hotel solo sabía que se llamaba Bautista Urber, pero una persona del mismo hotel que si quería informarme, que fuera al cuartel general de guardia civil, que allí

www.memoriahistoricademocratica.org